



Normativa de solicitude de Material Docente

1. Os lugares reservados para a docencia das cinco titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra están recollidos no plano de organización docente do ano correspondente, o cal foi aprobado en Xunta de Facultade.
2. Enténdese por docencia ó desenvolvemento das materias relacionadas cos cinco plans de estudos das titulacións: Mestre especialista en: Ed. Física, Ed. Musical, Ed. Infantil, Ed. Primaria e Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte; así como a docencia das materias de libre elección de titulación e de campus que se celebren neste centro.
3. O profesorado poderá solicitar, de forma puntual, o uso doutros espazos ou instalacións por considerar que son máis aptas para levar a cabo a docencia de determinados contidos do seu programa. A solicitude destes espazos, que non están recollidos no plano de organización docente da Facultade, será feito ó persoal de asuntos xerais, ó cal informará ó profesorado da dispoñibilidade do espazo facéndose así a reserva efectiva.
4. O uso de espazos e instalacións para o desenvolvemento de **Cursos, Congresos, Simposiums, Charlas e outras Actividades Culturais, Docente ou Deportivas**, que puideran ter lugar neste centro, están supeditadas a aprobación do Órgano de Goberno do Centro ó cal deberá ser informado cun prazo non inferior a sete días hábiles antes do inicio do curso, co fin de que resolva positiva ou negativamente en función da dispoñibilidade do material docente solicitado.
5. O non cumprimento desta normativa implicará responsabilidades ás partes implicadas nos feitos acontecidos.

Pontevedra, 13 de Xullo de 2006

O Decanato